

NA COLA PARA A ARCA

Texto de ANTONIS PAPATHEODOULOU

Ilustracións de IRIS SAMARTZI

Tradución de MANUELA RODRÍGUEZ

Encadernado en cartoné. 16,5 x 30 cm. 36 páx. 16 €.

Contén páxinas despregables.

[Na cola para a Arca](#) (galego)

ISBN 978-84-1343-066-9. Demademora

[En la cola para el Arca](#) (castelán)

ISBN 978-84-1343-067-6. Obras de autor. Primeros lectores.

[A la cua de l'Arca](#) (català)

ISBN 978-84-18558-10-8. Obres d'autor. Primers lectors.

[Arkara sartzeko llaran](#) (euskarra)

ISBN 978-84-9172-213-7. Autore liburuak.

[Na fila para a Arca](#) (português)

ISBN 978-989-749-141-2. Obras de autor. Primeiros leitores.

[In coda per l'Arca](#) (italiano)

ISBN 978-84-1343-068-3. Gli albi d'autore. Primi lettori.


- Uff! Chegamos polos pelos. Imos entrar os últimos.

- Seguro que é esta a cola para a Arca?

«Na cola para a Arca» é unha homenaxe ao teatro en clave de humor que, a través dun cómico enredo, xoga cosdobres sentidos e co torrente de sensacións que provoca un malentendido. Tras «Unha última carta», os gañadores do IX Premio Internacional Compostela de Álbum Ilustrado, Antonis Papatheodoulou e Iris Samartzí, volven con outra lectura divertida de pouso entrañable nun atractivo formato con páxinas despregables e unha estrutura dialogada que remite ao cómic.

Dous ratos atópanse con distintas parellas de animais aos que lles escotan falar da historia da Arca de Noé: o anuncio do diluvio e a inundación do planeta, a construcción da embarcación... os ratiños avanzan entre osos, rinocerontes, pelícanos, bolboretas, xirafas, crocodilos... cada vez más confusos, entre a incredulidade e a angustia, sobre todo cando empezan a caer as primeiras pingueiras de auga, ata que acaban descubrindo o contexto real da situación.

A proposta plástica baséase novamente na técnica da colaxe e da reciclaxe: cartóns e papeis de cores danllés forma aos protagonistas desta divertida historia, con referencias á numeración das butacas, á entradas das funcións... Os trazos de lapis e as manchas de cor recrean un escenario natural de tons suaves e completan a expresividade dos seus personaxes.



■ **Temática:** homenaxe ao teatro; relixión, mito.

■ **Idade recomendada:** a partir de 3 anos.

■ **Aspectos destacables:** dobres sentidos, confusión, malentendidos, humor; formato dialogado, precómico; dos gañadores do IX Premio Compostela: «[Unha última carta](#)» (Kalandraka); emocións; animais, natureza; colaxe, reciclaxe.

■ **Avance do libro:**

<https://issuu.com/kalandraka.com/docs/na-cola-para-a-arca-g>

Antonis Papatheodoulou

(Pireo, Grecia, 1977)

Estudou Animación, ademais de Lingua e Cultura Española na Universidade Aberta de Grecia. Dende 1999 é autor de numerosos libros infantís traducidos a varias linguas. Recibiu o Premio Public Children's Book 2020 e 2019, o IX Premio Internacional Compostela de Álbum Ilustrado por «Unha última carta», ilustrado por Iris Samartzí; o Premio Nacional Grego de Libro Ilustrado en 2011 e 2012, este último con outra obra ilustrada por Iris Samartzí; e o Premio de Libro Ilustrado da sección grega de IBBY en 2015 e 2012. Diversos títulos da súa autoría figuran nas listas The White Ravens.

<http://www.antonispapatheodoulou.com>

Iris Samartzí

(Atenas, 1979)

Estudou Deseño Gráfico e Interior, ademais de Ilustración infantil. Traballa como ilustradora de libros infantís e profesora de debuxo en Educación Primaria. Xunto co IX Premio Internacional Compostela de Álbum Ilustrado, recibiu, entre outros, o Premio Nacional de Libro Ilustrado da sección grega de IBBY en 2017, 2015 e 2012, este último por un libro con texto de Antonis Papatheodoulou. Unha das súas obras tamén figura na Lista de Honra IBBY 2014. Foi nominada ao Premio Memorial Astrid Lindgren 2021 e ao Premio Hans Christian Andersen 2020 e 2022.

<http://www.irissamartzí.com>

